



A busca do infinito na poesía de Carvalho Calero

Xesús Portas Ferro

Limiar

A obra de Ricardo Carvalho Calero (Ferrol 1910 - Santiago 1990) é larga e diversa. Como crítico e historiador da literatura, contribuíu coma poucos á configuración do canon literario galego. Foi autor tamén de traballos lingüísticos. A súa faceta de creador literario non lle foi tan recoñecida coma as anteditas, malia termos del importantes textos narrativos, dramáticos e, sobre todo, líricos. Aquí atenderemos á súa poesía e, moi concretamente, á de temática filosófico-relixiosa.

A obra lírica de Cavalho en lingua galega viu a luz en libros ao longo de sesenta anos. *Vieiros* (1931) foi editado por Nós na Coruña; *O silencio axionllado* (1934), por Nós, en Santiago; *Anxo de terra* (1950) publicouse na Colección «Benito Soto», de Pontevedra; *Poemas pendurados dun cabelo* (1952), na Colección Xistral, de Lugo, e *Salterio de Fingoy* (1961) na Colección «Salnés», de Galaxia. Estes cinco libros —excluídos uns poucos poemas, de *Vieiros* maiormente— son reunidos no volume *Pretérito imperfecto* (1980), que publica Edicións do Castro. Esta firma editará dous anos despois *Futuro condicional*, compilación dos poemas producidos nos anos 60 e 70. E a década dos 80, derradeira na vida do poeta, será a máis fecunda: *Cantigas de amigo e outros poemas* é editado por AGAL en 1986 e *Reticências...*, por Sotelo Blanco en 1990, uns meses despois do pasamento do escritor.

Non imos afondar na presentación xeral da poesía de Carvalho. Quen tiver tal interese, poderá satisfacelo acudindo a estudos coma os de Salinas Portugal, Montero Santalha, Tato Fontaíña e Pallarés aos que se remite embaixo. Apuntaremos soamente que a crítica literaria adoita distinguir tres grandes grupos dentro desta produción lírica, seguindo o camiño aberto polo propio Carvalho: unha poesía de temática filosófica ou relixiosa, unha poesía de inspiración feminina máis do que amorosa, e unha poesía menos subxectiva e inspirada en situacións históricas ou míticas (Blanco, p. 200). Das tres, o autor privilexia a primeira:

Creio que a poesía de Rosalía e a que pode ter algún interese, se é que ten algún, da miña propia poesía, nacen dunha mesma necesidade espiritual, que é a de expresar a angustia da existencia, a menesterosidade do home abandonado a si mesmo, [...] un preguntarse máis que responderse, [...] boa parte da poesía de Rosalía responde a esta mesma ansiedade que tamén se reflexa naqueles versos meus de máis meditativo contorno. É a poesía verdadeiramente seria, a poesía auténtica, aínda que naturalmente caben moitos outros tipos de realización poética (Blanco, p. 209).

O presente traballo consistirá fundamentalmente na amosa directa dunha boa parte dos poemas de Carvalho nos que se enxerga a temática relixiosa e, ante todo, o grande tema da busca do infinito. Este percorre toda a súa obra lírica desde polo menos *Anxo de terra*. Varias críticas literarias, Araceli Herrero e Elvira Souto nomeadamente, estudaron o tema relixioso, sobre todo en *Salterio de Fingoi* e *Anxo de terra*, respectivamente. Pero *Futuro condicional* e mais *Reticências...*, maiormente este, son libros igualmente ou máis decisivos para o tema que nos vai ocupar.

Non aduciremos todos os poemas que tocan o tema, porque son moitos e, a maioría, longos. Os máis importantes ofrécese enteiros; doutros, só pequenos anacos. Irémoslos cosendo con breves comentarios e apuntamentos interpretativos. Percibiremos o deseño dunha interesante traxectoria, que semellará abondo oscilante e sempre distante de calquera dogmatismo, mais non tan escura e pesimista como a crítica a cualificou ás veces.

1.- O anxo de terra e a randeeira

O tema da tensión do ser humano cara ao infinito abrolla moi cedo na poesía de Carvalho Calero. Así nolo dá a entender o mesmo título dun dos seus primeiros libros poéticos, *Anxo de terra*. Abórdase sobre todo no poema homónimo, que en *Pretérito imperfecto* (desde agora *PI*) se transcribe deste xeito:

Anjo de terra, de cobarde argila,
que co teu po queres rubir ao ceo.
Entre o verde e o azul fas o teu niño.
Da nube e do piñeiro pendurado,
arrandeado entre o que foxe e dura.
Ao teu jugo junguir a Deus tencionas;
Deus traducido à tua língua de area.
Polo doce camiño do que morre,
procuras o relanzo do non nado.
O ceo mineral friage pon-che.
Ha chegar, solermiño, o teu triúnfo
cando os ollos de Deus a bágoa embace
e forte contra Deus seja o teu nome.
Israel: e o divino mensaxeiro
cairá rendido pola carne tua.
E casará o seu céu coa tua terra.

Vemos nel representado o pulo existencial humano por acadar a condición divina, ou máis ben, o intento de a persoa humana superar a súa natureza feble e finita uníndoa á inmorredoir e infinita do mesmo Deus. A contraposición das dúas naturezas entre si, e asemade quizais o desmedido intento de as casar, exprésase con insistencia mediante o encadeamento de múltiples antíteses entre dúas isotopías léxico-semánticas, isto é, entre dúas series opostas de sinónimos, hiperónimos e hipónimos: po-ceo, verde-azul, foxe-dura, o que morre-o non nado, terra-ceo...; todo isto, presidido polo titular oxímoro *anxo de terra*. Na primeira parte do poema semella imporse a idea de nos acharmos ante un van afán, pois

domina o léxico pertencente á primeira de ditas isotopías –covarde arxila, area, mineral friaxe– a maiores dos termos amplamente sinónimos xa sinalados. Aínda así prevese, mesmo se promete ao home o triunfo na súa lideira con Deus. Alúdese de xeito clarísimo á loita nocturna do patriarca hebreo Xacobe co mensaxeiro de Deus en Penuel (Xn 32, 26-33), da que aquel sae vencedor e merecedor dun nome novo: Israel. Casará, pois logo, o ceo de Deus coa terra humana? A resposta semella ser a afirmativa.

Este gran tema reaparecerá todo ao longo da produción poética de Carvalho. Non sempre con idéntica solución. Se en 1950 a resposta parece claramente positiva, dous anos despois non o é tanto. De *Poemas pendurados dun cabelo* procede o poema «Un cabelo de anxo», que en *PI*, p. 117 reza así:

Un cabelo de anjo
pendurado do ceo,
se non é a espada de Damocles,
é adival para o espírito,
ximio equilibrista,
que, nel agarrado,
pode arrandear sobre a terra
e crer que é a araña dun fío
tirado do seu propio miolo,
cordón umbilical que o vencella
co seu niño que está no azul.
Mais non sabemos
qué o norte, qué é o sul
o cenit e o nadir,
a vida e a morte,
a terra e o ceo,
cál é o metro que leve ao paraíso
e qué aeronave nos conduz ao inferno.

Novamente, a contraposición entre o ceo e a terra. Novamente alguén arrandeándose sobre e terra e pretendendo ter no azul «o

seu niño». É escusado remarcar a expresión dunha enorme dúbida: aquela pola que se cuestiona se a semellanza con Deus –o pretendido vencello que liga o espírito humano co divino– non será máis ben «a espada de Damocles», xa que o ignoramos todo, mesmo os camiños por onde a persoa humana pode chegar á súa realización. Acentúase, quizais tanto como a dúbida, a mesma incoherencia da pretensión, ao suporse un transporte suburbano para o paraíso e un transporte aéreo para o inferno.

A dúbida parece imporse, case a negación, en *Salterio de Fingoi*. No poema «Anda, home, arrandea-te» o suxeito da enunciación considera un ser humano fondamente desacougado polo ir e vir do seu pensamento entre dous extremos, o de entenderse fillo de Deus e o de sentirse orfo de Deus e, asemade ou paralelamente, entre a afirmación e a negación de si mesmo. O poema comeza (PI, p. 141) con estes versos:

Anda, home, arrandea-te; é o teu fado:
de atrás adiante, adiante atrás. ¡Carriola
do pensamento! Nega-te e afirma-te.
De Deus herdeiro ou orfo.
Julga-te
seta deitada ao alén, pulo valeiro.
Pobre neno que a tua randeeira
atas à arbore da vida, à arbore da ciencia
e vas da sombra à luz, da luz à sombra.

O desacougo é punxente. A solución recomendada convida o destinatario representado a se facer neno e, despois, a adormecer baixo a acción da lúa ama de cría, acalando o pensamento e deixando o mundo role.

Ja a lua, boa neneira, de avantal
branco e meixelas brandas, ven, exacta,
na tua procura, pra che dar o leite
derradeiro e deitar-te.

[...]

Ja estás sereno, inmóvil, e unha man
descoñecida, que só ves en soños,
a abalar o teu berce está. ¡Arrandeo
sen pensamentos! E o mundo rola, rola.

Podería entenderse este adormecemento como símbolo da morte. Ou, se cadra, da renuncia a toda preocupación polo transcendente. Ou, quizais, da resignada asunción da soidade como condición ineludíbel do ser humano na existencia.

De feito, poucas páxinas máis abaixo (PI, pp. 144-145) na composición «Intre de soledade», sen vir moito ao caso, afírmase decididamente e con carácter xeral a soidade da persoa humana no mundo. O poema comeza describindo en terceira persoa unha plácida paisaxe invernal. Interrómpese tal descrición e apréndesenos:

Mais o home está so.
So coa terra, na terra, dentro dela,
como nun berce, ou ventre da súa nai.
E goza-se na súa soledade,
porque se sente agarimado
polo falago maternal.

Pero a trama realmente representada, na súa parte central, é unha situación particular: refire a un único individuo que ao final daquela tarde, tras rematar o barullo intenso dunha festa na que participara, recupera o acougo na soidade: vai esquecendo a súa vida, non pensa en nada, volve ao colo de súa nai, vive nela sen conciencia, «entre a vida e a morte / feliz» (p. 145). Este final e a xeneralización precedente son os elementos que aproximan o contido de «Intre de soledade» ao de «Anda, home, arrandea-te».

Noutro poema de *Salterio de Fingoi*, onde, coma en varios máis desta temática, o suxeito da enunciación se desdobra nun ti destinatario, semella establecerse o carácter absurdo da busca do infinito

e aínda por riba a inutilidade da única liberdade infinda posíbel, a que se acada coa morte. É a lectura máis segura da composición «Ti que procuras a infinda liberdade» (*PI*, p. 160). Nela o destinatario implícito é enfrontado ao carácter mítico da súa crenza en que Deus o creou xusto e libre («sen mágoa e sen gaiola»), é encirrado a tomar conciencia da súa condición finita («Quen ten un fin, debe envolver-se en límites») e, sobre todo, a decatarse da imposibilidade de que estes límites sexan superados, non sendo a través da morte, pola que se obtería como moito unha liberdade inútil:

Liberazón sen fin, infinda arela.
Quen se libera arreda-se e afasta-se.
Só o morto está do todo liberado.
[...] 3 vv.
sen coacción, sen disciplina jaz,
podrémia ou oso, en ceibedade inútil.

Agora ben, non parece que en *Salterio de Fingoi* se asente como única a resposta negativa fronte á positiva suxerida en *Anxo de terra*. Non é así porque o suxeito da enunciación cambia: pode ser outra persoa, ou ser a mesma pero noutra situación. Do mesmo libro, poucas páxinas máis enriba das últimas comentadas lemos (*PI*, pp. 156-157):

A tua carne é moza.
A morte está longe.
Non existe a morte.

Oh corpo florido.
O espírito está alén.
Non existe o espírito.

Todo o mundo é teu.
Deus está no ceu.
Ceu azul só é.

Realidade farta.
Realidade oca.
Nada entre unha e outra.

O río do tempo
leva-te a outros climas.
A mar ja se albisca.

Ao desembocar,
a verdade é outra,
outro o degarar.

Todo o que veías
se desfai no espello
desa água tranquila.

Paira sobre a água
o que agora é todo
e antes era nada.

Morte, espírito e Deus.
Existe só iso.
Trindade sen veus.

Do mesmo libro é estoutra peza na que a ese arrandeo do ser humano na grande randeeira da vida se lle atopa sentido, mesmo se este é incompleto, perfecto a medias só, pois que non iguala a perfección, só reservada a Deus (*PI*, p. 164):

Arrandea-se a tua carriola,
de ponla a ponla o adival atado:
unha da arbre da vida, onde o sol pende;
outra da arbre da ciencia, onde abre a lua.
A igual altura os fortes nós cingidos,
traza o teu pulo reverentemente
a semiperfección do semicírculo.
Só a Deus é dada a volta de campana.

2.- Aduro na dúbida

A dúbida non é a única palabra, nin a última. Nin sequera en *Salterio de Fingoi*, o libro máis desolador. Non o é sobre todo na produción poética reunida no póstumo *Reticências...* (desde agora, *R*). Recolle, sobre todo nas súas primeiras seccións —«Névoa de sol» e «Ponte de ar»—, numerosos poemas incidentes nese «afám medonho que totaliza a nosa insuficiencia» (*R*, p. 14). Exprésase na maior parte deles non soamente a dúbida sobre a probabilidade de á fin podelo ver cumprido, senón a desacougante sospeita de que podería carecer de máis sentido ca o de torturar e descentrar da súa esencia a persoa humana (*R*, pp. 40-41):

O finito é miséria, e o infinito
nom está ao noso alcanço. Fauna estranha
a humana fauna, cuja essência incide
en superar a sua própria essência.
[...]
Consigno em paz, o mundo vive e morre.
Consigno en guerra, o home morre e vive.
Vive morrendo por ser mais que home.
Nel só, o finito ao infinito tende.

Así e todo, en varias composicións, de *Reticências...* sobre todo, ábrese a posibilidade dunha resposta dalgún xeito positiva. Coma en *R*, p. 73:

En breve findaram os passos teus.
O corazón descansará de Deus
na mao, nom sei se à esquerda ou à direita.

Deus é ambidextro. Tu sossegarás.
Saberás todo ou nada saberás.
Em todo caso, a soluçom perfeita.

As palabras non deben profanarse. É o lugar
queimado que se configura o cosmos. Se as palabras,
encantadas as cousas e ofensas o que é belo.
[...]

Se dhasmos panis ao pan e vialho aos cridos
e transubstanciaçoms fai imposible
Hais que dizer corpo e sangue do nobre
Senhor Jesus, e faza-se o milagre
Non som os accidentes
mais a substancia e realidade
e do portento, non a realidade, a verdade.
[...]

A palabra
mais antiga é que a cobra,
a palabra arquetípica.
Sempre vira na mente
do Criador. A cobra é un
de palabras, fund de un
de pe. Deus é a palabra

O finto loiro como é lizo do
em virgindade cándida, púrpura
a candidez de tua púrpura arlequin.
Chorar - lizo os dentes é frater, mortal.

Felis aquel que fijs o seu caminho
a cair e se erguer cá e lá fundando
no nome do Tebor ou do Calvario,
dous nomes para um fim de estrada, etc.

J. P. F. 2020

Entre os poucos poemas de Carvalho Calero que adoptan a forma de oración, quizais remita a este tipo de incerteza o que comeza así (PI, p. 109):

Entre o si e o non,
Señor, ¿qué farei?
¿Cómo as cousas son?
¿Si ou non? Non o sei.

E de *Cantigas de amigo e outros poemas* é significativa, ao mesmo efecto, a concisa composición que reflicte o final do *Auto do prisioneiro*, peza teatral do noso autor onde se enxerga o tema que nos ocupa. O prisioneiro morre sen lograr comunicarse co director do cárcere, cuxa porta dá á súa cela e soamente se abre despois de aquel morto; porén, tras a porta por fin aberta, non se ve ningún. Velaquí o poema (CA, p. 163):

Irei-me sem sabê-lo.
Mais de setenta anos perguntando-o.
A resposta, silêncio.

Cai morto o prisioneiro sem ver nada.
O espectador que está vivo e atento,
algo mais vê. A porta que se abre.
Mais nada. Alguém hai dentro?

De xeito que en calquera dos libros áchanse composicións nas que a dúbida axexa ou a renuncia atenta. O poeta mesmo, segundo o poema «Meu pasado imperfecto, meu futuro», introdutorio a *Futuro condicional*, era consciente de que así fora no pasado – no seu pretérito imperfecto– e seguiríao sendo no futuro: «Aduro fun, serei no dubidoso» (FC, p. 14). E por que? A dúbida é posíbel porque o infinito buscado non se fixo presente:

Non se apresentou nunca
a presenza real, o real presente.
O presente perfecto,
acugulado de presenza pura,
sen saudade nen soño.
O presente perfecto,
o regalo da vida que se aguarda
sempre e non chega nunca;
o ponto do infinito
onde se atopan ontes e mañás.
Vencedora do tempo,
puro presente eterno,
a presenza real na eucaristia,
omnipresente divindade
sen a que
o home é orfo de Deus.
O presente infinito,
infinito presente
[...]

Reparemos no quiasmo *presente infinito, infinito presente*. Négase o seu cumprimento; se este se producise, sería a fin do arrandeo, a dúbida deviría imposible. Mais, porque nunca o infinito se fixo presente facendo infinito o presente, a dúbida pode xurdir e de feito xorde, ás veces con tal forza que leva o suxeito a cualificar de va a súa esperanza. E porén, moi a pesar disto, a esperanza é teimuda e renace das súas frustracións.

A esperanza, toliña que, cravada
na sua cadeira de eivada,
soña que rube ao monte,
soña que rube à lua,
e ve o que hai máis alá,
na outra caeira,
[...]. (Ibidem, p. 13)

Paradigma da acción, rosa do ser.
Perpétuo móvil fixo do existir.
(Ibidem, p. 14)

A secuencia *Aduro fun, serei no dubidoso* significaría que, malia a decepción e a dúbida, o suxeito remanece teimoso na aspiración ao transcendente. Ou que, mesmo contra a súa vontade, esta aspiración retorna. O vocábulo *aduro*, adverbio arcaico que significa ‘con moita dificultade’, é obxecto aquí dunha transcategorización que o converte nun adxectivo que breve e resultamente afirma a teimosía do eu poético nesa aspiración, por riba e a pesar das dificultades. Por unha razón, entre outras: só ela constitúe estímulo abondo para a acción humana e un sentido para a existencia, como se di nos dous derradeiros versos.

Tal teimosía provén asemade da propia arela, que se impón ao suxeito. En varias composicións de *Salterio de Fingoi* albíscanse o silencio e o esquecemento –xa vimos que tamén o sono ou a mesma morte– como posíbeis medios de apagar tal aspiración. Porén, «a dor de Deus non afoga no esquezo» (*PI*, p. 221). Afírmase esta dor na persoa coma a fame nunha ave de presa, nun « falcón famento» (*PI*, p. 190), por exemplo. En *Reticências...* rexorde a alegría da ave de presa, neste caso un azor, no medio doutras ben diversas para ilustrar de múltiples formas o carácter forzoso, case físico, da busca do infinito (*R*, p. 38):

Cando o finito alcanza a conhecer
a infinitude, nela só repousa.
Quem a Deus viu, chegar a sê-lo ousa.
Na plenitude cristaliza o ser.

Como o home no grémio da mulher,
na última causa sonha toda a cousa.
Na fixa eternidade o móvel pousa
e acha o seu lume o obscuro deverer.

Canso o açor de a pomba perseguir,
torna na mao do dono a descansar.
Sacia-se o virote de ferir.

O navegante arela além do mar,
o aviador além do céu construir.
Além de nós lateja o noso lar.

Non se ignora o intento de desviar esa inquedaanza mediante a fruición de certos bens terreatos. A do amor humano, un supoñer; mais isto non satisfai. Así en *PI.*, p. 163:

¿Como contentar pode a pequenez
á pequenez?
¿Como pode agardar o home a sua paz
da muller?

O finito só pode achar lecer
no infinito.
O home ama o eterno. Só Deus
ama o efímero.

3.- Substitutos e mediacións

O motivo vén de lonxe no decurso do poetizar de Carvalho. Xa en «Filosofía», poema de *Vieiros* non recollido en *Pretérito imperfecto* e recuperado por Pilar Pallarés na súa antoloxía dos 90 (pp. 41-43), os tristes peregrinos da vida que reducen o valor desta a ser camiño para a morte, atopan pasadío consolo na «música do verso, / o bico da muller / e o resprandor da estrela»; pero, advirte o autor implícito, «a música do verso é dôrosa, / o bico da muller é amargo, / e o resprandor da estrela é saudoso.» Para o suxeito que así fala non hai un alén tras a morte. A poesía, o amor da muller e a beleza da natureza son só substitutos, aínda por riba enganosos. Fronte aos «gaiosos», que negan tamén o alén pero gozan deses e outros

bens substitutivos, os tristes seguen o seu camiño «amargurados, morriñentos e doídos, [...] soilos».

Ás veces, porén, estes bens logran aliviar a dor causada pola carencia dos transcendentales. Por exemplo, a poesía (*PI*, p. 187):

Non amo moito a poesía. Amo-a
como o retrato dunha muller querida,
cando non teño a muller pe de min.
Se tivese a muller,
esquecería o retrato.

Poesía, retrato
¿de qué? ¿Felicidade,
Deus, vida, ben, sosego?

Mais o pobre que soña coa riqueza
¿como non amará un pouco
os contos de tesouros?

Eses bens chegan mesmo a funcionar como mediadores do transcendente ou vías para o atinxir. En *Poemas pendurados* a segunda sección, «Na soleira de ouro», que é especialmente luminosa, contén pezas como «Alma enxebre e espida de arelanza», onde a entidade feminina apostrofada (a muller, a poesía, a beleza?) é vista así (*PI*, p. 131):

Pasas como un ronsel, como un recendo,
como un vieiro: a Deus por ti a chegada.
Vai-se por ti cara a florida estrela
—¡asunción da azucena estrelecida!
Pomba no ceo do silencio, levas
unha ponla de luz no teu peteiro.
Rosa secreta, caristel de orballo,
baixo o cinir das tuas asas de ouro
o val azul arela o verde ceo.

Máis embaixo, na composición «E vin a dona na soleira de ouro» (PI, p. 134), parece enxergarse o reencontro coa dona amada tras a morte. A amada representara aquende para o suxeito a experiencia do infinito, dun infinito pequeneiro e porén precioso.

E vin a dona na soleira de ouro.
O vento nas suas tempas aniñaba.
Alcipreste de chama, sacro lírio.
Aquela vin a quen ameí na terra,
e cuja branda cabeleira outrora
enxoitou na faterna a miña fronte.
E volvín a escoitar a voz amada,
aquela voz que endejamais ouvira
sen sentir a presenza do infinito.
Ledo, tenro, infinito pequeneiro
que cabe nunha bágoa de agarimo,
ermos pobo e acaroa estrelas.
[...]
Alma gloriosa, escintilante espírito.
Juntos pra endejamais, espazo e tempo
aos nosos pes, despojos, ja, vencidos.
Sobre o meu corazón, pomba pousada,
ti, novamente e finalmente miña.

Este poema debe compararse co de *Reticências...* «E terei de mirarte» (R, pp. 94-95), que enxerga o reencontro dos amados na «mística irmandade» da «casa do pai», e no que o suxeito se amosa inqueda sobre a condición que no alén revestirá o seu amor, concluíndo:

Nom te amarei entom, nom me amarás
com um amor de meu, de teu, igual
que o que no mundo nos uniu? Que assi
seja confio, e que nom morra ali
o único que aqui foi imortal.

«Na soleira de ouro» apuntara xa a resposta. Nun libro coma no outro o amor triunfa e faise eterno. O espazo e o tempo son, ao pé dos amantes, despozos da vitoria final. É significativo no mesmo senso o poema «Se pudesse separar as tuas dores das minhas» (*R*, p. 92): o suxeito quere cargar coas dores da amada, para liberar a esta delas e mais para aliviar a súa propia carga mediante o equilibrio entre o peso dos seus males e os tomados dela, efectos aos que seguiría un terceiro: amante e amada, ingrávidos, poderían xa acceder a Deus:

E así os dous, como pombas ou anjos,
ingrávidos, ficaríamos libres de toda carga
e voaríamos juntos até o ninho de Deus.

Vemos, pois logo, que tanto en *Poemas pendurados* coma en *Reti-cências...*, os bens efémeros non só substitúen un chisco a ausencia do absoluto, senón que son eficaces medios para a consecución do mesmo; tanto é así, que os logros acadados aquende eternízanse no alén. Sobre tal mensaxe non cabe estrañeza ou incredulidade, coa escusa de que iso fora excluído en *Salterio de Fingoi*. Aos incrédulos cabe preguntarlles que significa, logo, esta pouco disimulada oración a Deus (*FC*, p. 56):

¿Quen non te procurou, ou dunha forma ou doutra?
Na nenez animal –angelical ou fera–;
cando o amor, como pomba ou cobra, nos feria;
no equilibrio da idade, intre de plenitude,
cando os cimbros do tempo piden máis altos cimbros;
no solpor, cando todo é ja o sol que se pon.
Un viu-te, inda que o irmán e a muller non te visen;
outro tivo-te un intre e perdeu-te despois.
Este segue buscando-te entre néboas e tojos.
Aquel abandonou a procura, doído.
Sombras, luces, praceres, dores, brados, silencios
son moradas valeiras se nelas non estás.

Mais se cadra a presenza tua é estar ausente.
¿Cal é o teu rosto? ¿Tes mil rostos ou nengun?
Pintores retrataron-te; mais ¿viron-te de certo?
¿Como establecer o diálogo contigo?
Na guía de teléfonos non figura o teu número.
Ai, que guerra nos dás, nos damos, logaritmos
vulgares dunha cifra perfectamente exacta.

Danse pasos decididos na reafirmación da busca, mesmo se a resposta perfecta aínda non se albisca. Un deses pasos consiste na enunciación diáfana de que todo ben ou mal –sombras e luces, dores e praceres, brados e silencios– carece de valor se Deus non está neles. Quizais hai un eco aí da tese de Tomé de Aquino na Prima Secundae da *Summa Theologica*: «necesse est quod omnia quae homo appetit, appetat propter ultimum finem» (I-II, 1, 6 in corpore), é dicir, por Deus. Deus, o infinito, é o último fin da persoa humana, e por iso ningún dos fins apetecidos e conseguidos, nin sequera o amor humano, pode aquietar o seu apetito de plenitude e liberdade. Agás no caso, claro está, de que sexan dons de Deus, participación do infinito. Pero este segue dándonos guerra ou, se cadra, nós a el. Porque o suxeito non se dá comunicado co Absoluto. Só tras a morte, acaso (CA, p. 63):

Deus é unha península. A chegada,
polo istmo da morte.

¿E non haberá jeito
de chegar polo mar ou polo ar?

¿Non ten esa península
portos nen aerodromos?

4.- A mediación cristiá

O acceso directo a Deus. Tal era o obxectivo da loita emprendida en «Anxo de terra». E nesa loita segue empeñado o home, ou se cadra soamente unha parte da humanidade, «os fillos de Eva»; pois hai persoas, «os fillos de Lilith», capaces de afrontaren a vida sen tal angustia e de aínda así viviren nun estado de paradisíaca inocencia, segundo se nos suxeriu xa nun poema de *Vieiros* comentado e como se apunta noutros que veremos embaixo. Porén, son os atormentados fillos de Eva os masivamente representados na obra poética de Carvalho, persoas de cote a teimar coa procura de Deus con escasos logros. Grave e inquietante amosa desa loita, do seu agónico dramatismo, témola no poema de *Salterio de Fingoi* que se cadra inspirou o título do libro (*PI*, p. 190):

Ti que me ajudas nesta misa eterna
que celebros no altar do Deus ignoto,
contenta-te con ser feliz humildemente;
ultrapasar non queiras o teu papel de acólito.

O teu destino é responder à voz miña,
que lanza ao ceu os salmos como un falcón famento;
e dicer *asi seja* cando aos altos poderes
prego para que guinden courazas de silencio.

Move o botafumeiro con inocente abalo.
Báculo a tua pureza seja do meu esforzo.
Un máis forte que ti na escura abóbada
axeja, e ha queimar a pomba co seu fogo.

Segue-me se me amas; non queiras que te siga.
Só comigo estarás –vivo no esquecemento–
desamparadamente de Joellos ante o altar,
non poderosamente no mesmo altar ergueito.

A crítica literaria viu que o suxeito da enunciación se dirixe aquí a Xesús Cristo. A min non me cadra moito. Son tantos e tan largos

os espazos de indeterminación que hai na peza, que se fai arriscado concretar en Xesús Cristo o destinatario representado. Se o for, significaría o rexeitamento total de Xesús Cristo como mediador entre Deus e a humanidade. Suposta a súa pureza, espérase del o acompañamento na desolación, como a dun simple amigo ou irmán, excluindo ver nel a presenza de Deus para nós, pois Deus permanece malia a todo «ignoto».

Parece tamén expresárense reservas ante a relixión como fonte da moral –e, asemade, da derrota do home na loita con Deus– en «Rondel do anjo do paraíso», da sección «Oratorio» de *Salterio* (PI, p. 221):

O mal e o ben do meu lume non son
categorías, pois a enxebre razón
que às miñas asas pujo Deus como endrezo,
denantes da árbore floreceu. Non coñezo
ben ou mal, gromos de edén e creazón.

Eu te non ódio. E non sei por que non
te fixo cego de ollos e corazón
Deus cara a árbore, se de ollos son o prezo
o mal e o ben.

E aquí estou eu, geado anjo, a carón
da porta ja pra sempre. Sen paixón
contra ti ergo roxa chama. Obedezo.
A dor de Deus non afoga no esquezo.
Murcho-me à porta. Misteriosa invención
o mal e o ben.

O anxo de terra é agora «geado anjo», anxo vencido e paralizado, sen acceso a Deus, esta vez polo atranco dunha moral heterónoma que é rexeitada, pois reivindicase a razón como única guía de orixe divina para un se orientar na vida. Porén, neste anxo de terra, xeado e todo, persiste acesa a roxa chama da dor de Deus. Impor-

tantes motivos; moitos deles reaparecen no derradeiro poema de *Futuro condicional*, ao que pertencen estes versos:

Ai, Álvaro Cunqueiro: ti, fillo de Lilith,
primeiro amor de Adán,
non sujeita ao pecado,
vas escribendo a crónica dos días
anteriores à serpente e à árbore,
cando eran inocentes o bico e o belisco
e aniñaban nas nubes as sereias e os anjos.
Os tristes fillos de Eva
mordemos as mazás que se desfán en cinza.
Ainda nados polos mesmos anos,
amargurou a nosa vida
o zumo do admitido e do vedado.
Mais os dous somos fillos de Adán,
criado do po, mais semellante a Deus.
Que el teña piedade das nosas almas, Álvaro.

Demasiados atrancos impiden o acceso a Deus; se non a toda persoa humana, si aos «fillos de Eva», coitados por prohibicións e como predestinados ao sufrimento, nisto curiosamente semellantes a Cristo. Velaquí un motivo recorrente na poesía de Carvalho Calero, a existencia dun segundo ou terceiro sector da humanidade cuxo sino radica na soidade e a dor. Aparece en «Filosofía», de *Vieiros*, como vimos. Rexorde nun poema de *Salterio*, «Hai quen a vida leva nos seus fros»; aínda que aquí son tres os grupos: o dos ledos benfeitores, o dos aproveitados e, finalmente, o dos sufridos (*PI*, p. 154):

Hai quen a vida leva
como unha cruz.
No calvário samente a ceibará.
E até que ela o soporte,
ha soportá-la el.
E a sua arela é a crucifixión.

A opción por Xesús Cristo como mediador entre o finito e o infinito abrolla claramente en *Reticências...* Ocorre en dous poemas seguidos. No primeiro, exposto o difícil problema no dístico inicial, os catro seguintes, cun estilo nada sublime, desenvolven unha alegoría entre vulgar e futurista; despois o discurso vai acadando aos poucos profundidade filosófica e altura teolóxica. O poema, entre veras e bromas, pode lerse como unha afirmación do poder salvador da cruz (R, p. 70):

Hai um longo caminho entre a terra e o céu.
Grande distância afasta o home de Deus.

No entanto, Jesus Cristo é um eficaz taxista aéreo,
que tem montada umha linha entres esses dous extremos.

Por um preço módico pode te conduzir na sua aeronave;
é de madeira, e INRI o cartom de embarque.

Tes que ir a ele abraçado, porque o veículo é incómodo.
A ele o conduziu a morte cando fijo o seu primeiro voo.

De todos os jeitos, tu dispós de um bom condutor.
Cando foi piloto de provas, ele tivo que voar só.

Traço de uniom entre o verbo e o pronome,
pode dizer *som* a Deus e *nós* aos fillos da morte.

Hipótese e hipóstase que voando transita
entre o eterno e o efémero, entre milagre e física.

Os teus pés de palmípedo que na lama batuca,
nom podem devir os músculos com que o anjo toma altura.

Tés de cravar os braços ao lenho em que el te recebe,
e transformar-se ham nas asas que te elevem.

Serás assi um remedo do que Deus tem de humano,
e viajarás ao pai pola rota do irmao.

Unha vez dado este pulo, podemos prezar en toda a súa fondura a fermosa recreación dos temas da sepultura e resurrección de Xesús, no segundo deses poemas (*R*, p. 71):

Aqueles pés que tam formosos eram
quando as vrañas dos montes fatigavam,
sobre a esgrêvia calvicie agora esperam
ser sumidos na rocha, osso entre osso.

Lágrimas de piedade feminina
ungem-nos docemente, qual outrora
a sua pele enxugou triste e divina,
talvez da mesma origem a onda azul.

Como as beiras do mar de Corrubedo,
esta pétrea ossamenta do Calvário,
furnas guarda nocturnas de alto medo,
fírgoas de sombra a esperar a luz.

Goivos tripando de terceira aurora,
do armónio ao acarinhar da Natureza,
alva con cravos pulsaram sonora,
pés que ascenden, gloriosos, pola escada

do sol, tangendo delicadamente
os floridos pedais, ensimesmados,
núpcias do transcendente e o imanente,
em paz com o anjo que afrontou Jacob.

O significado xeral do poema non é excesivamente difícil de captar. En primeiro lugar, entoa a loa duns pés fermosos, ben diferentes por iso dos «pés de palmípedo que na lama batuca» do poema anterior. Se estes non eran quen de tomar «altura», estoutros serán á fin «pés que ascenden, gloriosos». Ofrécenos dúas visións totalmente opostas deses pés e, por metonimia, do seu dono. Nas tres primeiras estrofas, a visión duns pés inertes

nunha paisaxe vespéral de desolación. Nas dúas finais, a duns pés de novo belamente vívidos nunha paisaxe auroral de intenso gozo. De quen son eses pés? Verbo disto, ofrece o poema poucos espazos de indeterminación para os lectores dotados dunha enciclopedia de coñecementos elementais, saiban ou non identificar as numerosas referencias intertextuais que a peza fai a pasaxes bíblicas. A primeira refire ao canto de Isaías (Is 52, 7-10) aos pés dun mensaxeiro que corren os montes para anunciar a paz a Xerusalén; a segunda, á preparación do corpo do Crucificado para a súa sepultura nunha furna cavada na rocha do Calvario (Lc 23, 53-56 e paralelos) e indirectamente á unción dos pés de Xesús en vida con nardo e bágoas por unha ou varias mulleres (Xn 12, 1-8, Lc 7, 36-50), e a terceira, á virtude que estes pés tiveran de andar sobre as augas (Mt 14, 25). Pois ben, os pés deste home, antes fermosos nuncios da paz, agora voltos óso inerte e duro, unxidos polo pranto feminino e choídos óso entre óso na rocha escura e témera, terminan percorrendo para as alturas un camiño de flores –goivos, ‘alelés’ e cravos, ‘caraveis’–, camiño polo tanto perfumado, e asemade cheo de luz e de música que eses mesmos pés tanxen; créase así unha aurora sonora, luminosa, florida e recendente, símbolo explícito da unión nupcial do transcendente co inmanente. Os dous últimos versos conteñen a chave hermenéutica de toda a composición e constitúen unha boa proba da perfecta implicación deste poema claramente cristolóxico co grande tema filosófico-relixioso que atravesa a obra poética de Carvalho Calero. Representan, asemade, unha clara alusión, con resposta afirmativa, á cuestión aberta na composición «Anxo de terra», onde o tema se expuxera. Péchase así o ciclo aló aberto. Non cabe, pois logo, dúbida ningunha sobre as obxectividadeas representadas nesta belísima composición, de múltiples resonancias gongorinas, por certo.

A teoloxía cristiá ten elucidado que morte e resurrección son dúas caras dun mesmo acontecemento. Os dous poemas precedentes, se cadra, suxiren que, dun xeito porén misterioso, na morte o infinito faise á fin presente. « Em todo caso, a solución perfecta», conclúe aquel poema (R, p. 73) onde o suxeito se ve, tras o seu pasamento, á esquerda ou á dereita de Deus, sabéndoo todo ou non sabendo nada.

5.- E o milagre faise, entón, posíbel?

Poida que si. E se cadra non hai que esperar á morte. Mesmo o mundo físico pode ser lido como configurado polo logos divino. Semella que hai que interpretar neste senso un longo e estraño poema, que en parte parafrasea o prólogo do cuarto Evanxeo; velaquí uns anacos (R, pp. 54-55):

As palabras nom devem profanar-se. É o logos
quem configura o cosmos. Se as degradas,
envilecem as cousas e afeiam o que é belo.

[...]

Se chamas pam ao pam e vinho ao vinho,
a transubstanciaçom fas impossíbel.

Hai que dizer corpo e sangue do noso
Senhor Jesus, e fara-se o milagre.

Nom som os accidentes,
mas a substância a realidade. É
a do portento, nom a da norma, a verdade.

[...]

A palabra
mais antiga é que a cousa, a palabra arquetípica
sempre viva na mente
do Criador. A cousa é sombra
da palabra, fume de lume, calco
de pé. Deus é a palabra.

Porque, ademais, en *Reticências...*, p. 14 lemos:

Mas se todo termina, que sentido
tem producir produto que termine?
Que vento nos arrasta no pruído
de cobrir un camiño que non fine?

Talvez os nossos olhos nom som cegos;
será a nosssa razom a que desbarra.

E onde hai tálamos fai-nos ver sartegos;
e onde a asa do anjo, achar do algoz a garra.

Mas se somos actores de umha peça
que así se represente até o infinito
—simples maos de um poder cuja cabeza
traça o papel que está na pedra escrito—,

pouco nos aproveita comprendermos
que somos pontos de umha linha assente,
se a nossa vida se sustenta en termos
de umha consciéncia pessoal doente.

Fora melhor o milenário sonho
em que o exemplar se funde na imanência
com a espécie, que o novo afám medonho
que totaliza a nossa insuficiéncia.

Non hai que ver neste poema un laio, senón máis ben unha apertura á esperanza no medio da escuridade. Ou mesmamente a voluntarista opción, de resonancias unamunianas, a prol da fe e en contra do que a razón parece ditar, pois insinúase que esta desbarra ao nos facer ver como evidente xustamente o contrario do que é. A segunda estrofa abre unha «fírgoa de luz»: quizais é a razón a que nos engana, talvez haxa de verdade tálamos onde nos fai ver túmulos, e ás de anxos onde nos fai ver poutas de verdugo. As demais estrofas, por iso mesmo, tenden a buscar sentido razoábel á desacougante pretensión de acadar a infinidade. Se a nosa vida individual se reduce a unha conciencia persoal enferma sen máis sentido ca o de representar un rol predestinado, se tal for a conclusión á que chegamos, mellor nos sería alimentar un sonho moi diferente do que nos move; isto é, no canto de aspirarmos a completar no infinito a nosa insuficiencia, deberíamos tender a nos fundir na inmanencia coa especie, para así perdermos a conciencia e canda ela o sufrimento. A posibilidade de satisfacción do noso afán de infinidade queda aberta e esa sería a orixe do vento

que nos move no proído de andarmos camiño que non fine. Non é certo, pois logo, que todo termine; ten sentido producir produto, aínda que este sexa ou semelle finito.

Hai unha grande coherencia entre este poema así entendido e os referentes á cruz e á sepultura e resurrección de Cristo, de *Reticências*... Ábrese así unha visión clara e luminosa fronte aos numerosos poemas das dúas primeiras seccións do libro póstumo, que inciden máis ben no incongruente da procura do infinito por parte dun ser paciente e finito, efémero e continxente. Mais non pode afirmarse que o autor quixese dar por conclusivo este punto de chegada. Nin que a secuencia dos poemas carvalhianos sobre o tema conduzan efectivamente a tal solución. Dúas falacias cómpre evitarmos. Unha, a falacia da unicidade do suxeito poético ao longo dun libro de poemas e, o que sería peor, no conxunto da poesía do escritor. Máis xusto é pensarmos en múltiples suxeitos e ás veces no mesmo suxeito en situacións e estados anímicos diferentes, mesmo opostos. Como enriba amosamos xa. E como ben amosan as diferenzas de contido ou de acento entre uns e outros poemas, aínda nun mesmo libro.

A outra falacia onde facilmente se incorre ao ler poesía, é a autobiográfica, pois un poema é creación –artificio, polo tanto. Aínda así, o noso autor afirmaba que para el o oficio de poetizar foi unha catarse da propia dor existencial. Que esta se expresou na súa obra lírica é innegábel. Pero igualmente a de tantas persoas do seu tempo e doutros. Con todo, é unha ousadía concluír que o home Carvalho Calero asumiu finalmente como definitiva, verbo das súas coitas persoais de transcendencia, a resposta á que a súa mesma poesía nos achegou. A dúbida e a fe son compatíbeis. Mesmo nos santos, como adoito temos oído ou lido. Carvalho tamén o viu así e mesmo o sospeitou verbo do bo Xoán XXIII (*FC*, p. 187):

Morria un home falando en bergamasco.

¿Con quen? Esa é a cuestión.

¿Tradución do arameu ou do danés?

¿Getsemani ou Elsinor?

«Nom acores se na árbore deixaste» (R, p. 45) constitúe un interesante poema sobre os éxitos e frustracións da vida, as metas conseguidas e as non conseguidas. Convida a aceptar placidamente esa realidade, pois «Nom hai vida colmada». As derradeiras estrofas son ben merecentes de pór sentido e punto final ao noso percorrido:

O fruto loiro como a luz do ramo,
em virgindade cándida, ilumina
a saudade da tua infinda arela.
Chantar-lhe os dentes é prazer mortal.

Feliz aquel que fijo o seu caminho
a caír e se erguer cá e lá, findando
no cume do Tabor ou do Calvário,
dous nomes para um fim de estrada só.

Referencias bibliográficas

- BLANCO, CARMEN, *Conversas con Ricardo Carballo Calero*, Galaxia, Vigo 1989.
- CARBALLO CALERO, RICARDO, *Pretérito imperfecto (1927-1961)*, Edicións do Castro, Sada 1980.
- CARBALLO CALERO, RICARDO, *Futuro condicional (1961-1980)*, Edicións do Castro, Sada 1982.
- CARBALLO CALERO, RICARDO, *Cantigas de amigo e outros poemas (1980-1985)*, AGAL, A Coruña 1986.
- CARVALHO CALERO, RICARDO, *Reticencias... (1986-1989)*, Edicións Sotelo Blanco, Santiago de Compostela 1990.
- FERNÁN-VELLO, MIGUEL ANXO e PILLADO MAYOR, FRANCISCO, *Conversas en Compostela con Carballo Calero*, Edicións Sotelo Blanco, Santiago de Compostela 1986.
- HERRERO FIGUEROA, ARACELI, «A procura da transcendencia en Salterio de Fingoi», en *Grial* 74 (1981), 480-489.

MONTERO SANTALHA, JOSÉ-MARTINHO, *Carvalho Calero e a sua obra*, Edicións Laiovento, Santiago de Compostela 1993.

PALLARÉS, PILAR, *Fillo de Eva (88 poemas de Ricardo Carvalho Calero)*, Sociedad de Cultura Valle-Inclán, Ferrol 1992.

PALLARÉS, PILAR, *Ricardo Carvalho Calero. Beleza, verdade*. Chan da Pólvora Editora, Compostela 2019.

SALINAS PORTUGAL, FRANCISCO, «Carvalho Calero poeta: a palabra no exilio», en *Ricardo Carvalho Calero: ciencia, literatura e nación*, Publicacións UDC, A Coruña 2011, 175-186.

SOUTO PRESEDO, ELVIRA, «Anjo de terra», en VV. AA., *Ricardo Carvalho Calero: a razón da esperanza*, A nosa cultura 13, Promocións Culturais Galegas, Vigo 1991, 66-70.

TATO FONTAÍÑA, LAURA, «Carvalho Calero poeta, narrador, dramaturgo», en *Grial* 147 (2000), 441-460.

Xesús Portas Ferro